



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

INFORME DE TESOURERÍA

Asunto: Concertación dunha operación de préstamo para financiamento de investimentos (Expediente 2024/C006/000006)

Antecedentes

Mediante providencia de 5 de abril de 2024 iníciase o procedemento de contratación dunha operación de préstamo para o financiamento de investimentos prevista no Orzamento Xeral do Concello para 2024 por un total de 1.579.237,71 €

Primeiro. Normativa aplicable

A regulación da concertación de operacións de préstamo efectúase nos artigos 48 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Por outra banda, a operación deberá respectar o principio de prudencia financeira nos termos que aparece na resolución de actualización dos datos de prudencia financeira, que é, na data de emisión do presente informe, a Resolución de 4 de abril de 2024, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira (en diante SXTePF), publicada no BOE de 9 de abril de 2024.

Tamén debe terse en conta a Nota Informativa sobre o réxime xeral aplicable ás operacións de endebemento a concertar polas entidades locais en 2024 publicada polo Ministerio de Facenda en xaneiro de 2024.

Por último, deben terse en conta as Instrucións do Ministerio de Facenda e Función Pública de actualización continua da Central de Información de Riscos (CIR Local)

Segundo. Condicións de prudencia financeira da operación

A operación está suxeita ao principio de prudencia finaciera nos termos indicados no artigo 48. bis do TRLRFL, que na actualidade se concreta na Resolución de 4 de abril de 2024, da SXTePF antes citada.

Na providencia de inicio do expediente establécese un prazo para a operación de 10 anos, incluídos dous de carencia de amortización. Polo tanto, considerando catro amortizacións anuais, a vida media da operación ascende a 73,5 meses, de acordo coa fórmula recollida nas Instrucións da CIR Local (páxina 21):



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

VIDA MEDIA = $\frac{\text{PLAZO DE LA OPERACIÓN} + \text{Nº AÑOS DE CARENCIA} + (1/\text{Nº AMORTIZACIONES ANUALES})}{2}$

2

Dado que a vida media exacta non se atopa publicada na táboa do Anexo 1 da Resolución de 4 de abril de 2024, de acordo coa mesma, calcularanse os tipos de xuro por interpolación lineal entre os dous tipos de xuro fixo mais próximos a aquela, que serían 72 e 84 meses:

	VIDA MEDIA DA OPERACIÓN (meses)	TIPO FIXO ANUAL MÁXIMO (puntos porcentuáis)
VALOR ANTERIOR EN TÁBOAS	72	2,92
VALOR POSTERIOR EN TÁBOAS	84	2,99

Polo tanto, realizando a interpolación, o tipo fixo máximo sería o 2,93%. Sobre o mesmo, en aplicación do apartado 2 b) ii do Anexo 3 da Resolución do 4 de xullo de 2017 (ao non cumprir o Concello de Betanzos as condicións de elixibilidade do Fondo de Impulso Económico), pode aplicarse un diferencial máximo de 75 puntos básicos, polo que o tipo de xuro fixo máximo que deberían recoller os pregos que regulen a licitación da operación debería ser do 3,68%.

Sobre a procedencia de optar por un tipo de xuro fixo en lugar de variable, tendo en conta a situación de inestabilidade xeral, así como as previsións incertas do Banco Central Europeo respecto de como evolucionarán os xuros, considérase por quen informa que é correcto acudir a este criterio único de adxudicación.

Terceiro. Anualidade teórica de amortización

Tal e como prevé o artigo 53.1 do TRLFL, a anualidade teórica de amortización debe determinarse en todo caso en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación.

A anualidade teórica de amortización da operación prevista debe ser calculada en termos constantes, e tendo en conta os 10 anos (2 de carencia e 8 de amortización), polo que acenderá a 157.923,77 euros (1.579.237,71/10).

Por outra banda, a anualidade teórica de amortización das operacións de préstamo actualmente en vigor, segundo se calcula no informe da interventora do Concello emitido con ocasión da liquidación do orzamento de 2023 ascende a 62.696,47 euros.

Polo tanto, a anualidade teórica de amortización total a efectos do cálculo do aforro neto ascende a 220.620,24 euros, como suma das dúas cantidades anteriores.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Cuarto. Requisitos e competencia para a concertación da operación

Con respecto aos requisitos e á competencia para a concertación da operación de préstamo, deberán analizarse no informe de intervención que deberá incluír o expediente tal e como esixe o artigo 52 do TRLFL.

Documento asinado dixitalmente polo tesoureiro do Concello de Betanzos, Eduardo Mera Rico



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Concertación dun préstamo a longo prazo por importe de 1.579.231,71€ para o financiamento da maioría dos investimentos previstos no Anexo de investimentos aprobado xunto co Orzamento do exercicio 2024. (Expediente 2024/C006/000006)

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A normativa aplicable a este suposto ven determinada polos seguintes preceptos:

- Artigos 2.1.f) e 48 a 55 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
- Artigos 21.1.f), 22.2.m) e 47.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.
- Artigos 11 a 17 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.
- Resolución de 04 de xullo de 2017 da Secretaria Xeral do Tesouro e Política Financeira pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable as operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.
- Resolución de 6 de abril de 2021 da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, pola que se actualiza o anexo 1 da Resolución de 04 de xullo de 2017 da Secretaria Xeral do Tesouro e Política Financeira.
- A Disposición Adicional Décimocuarta do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.
- Artigo 28 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.
- Artigo 17 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

De acordo co ordenado na Providencia do concelleiro delegado de Economía e Facenda, de conformidade co artigo 4.1.h) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co expediente de concertación dunha operación de préstamo, emito o seguinte INFORME:

PRIMEIRO: O artigo 2.1.f) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contempla ao produto das operacións de préstamo como un dos recursos das facendas locais, sendo este recurso financeiro común a todas as Entidades Locais.

As Entidades Locais, os seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís de capital integramente local poden concertar operacións de préstamo en todas as modalidades, tanto a curto como a longo prazo, así como operacións financeiras de cobertura e xestión do risco do tipo de xuro



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

e do tipo de cambio. Os devanditos Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís locais precisarán a previa autorización do Pleno da Corporación e informe de Intervención para concertar operacións de préstamos.

SEGUNDO: Segundo o artigo 10 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, quedan excluídos do ámbito da Lei os contratos de préstamo.

Os contratos, negocios e relacións excluídas, regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Non obstante, é recomendable a publicación de anuncios en Boletíns Oficiais, carta circular a Bancos ou Caixas e a outros interesados en contratar coa Entidade Local, baseados nunhas condicións a fixar polo concello que sexan iguais para todas as Entidades.

TERCEIRO: Requisitos e límites para a concertación de Operacións de Crédito:

Os artigos 50 e 53 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLRFL) esixen para a concertación de calquera das modalidades de crédito previstas no mencionado decreto, que as Corporacións Locais dispoñan:

- Dun orzamento aprobado para exercicio en curso.
- Dun aforro neto non negativo.

En canto a esixencia dun aforro neto adecuado, faise constar que o artigo 53.1 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, entende por tal a diferenza entre os dereitos liquidados polos Capítulos I a V (ambos inclusive) do Estado de Ingresos, e das obrigas recoñecidas polos Capítulos I, II e IV do Estado de Gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización, que se determinará en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

CUARTO: Órgano competente para a contratación da Operación de Crédito.

O artigo 52.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, atribúe ao Presidente da Corporación a competencia para a concertación de operacións de crédito a longo prazo previstas no Orzamento, das que, o seu importe acumulado, dentro de cada exercicio económico non supere o 10 % dos recursos de carácter ordinario previstos no mencionado Orzamento. No caso contrario a competencia é do Pleno.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

QUINTO: Autorizacións preceptivas: A Disposición adicional Décimocuarta do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público establece: *“As Entidades Locais e as súas entidades dependentes clasificadas no sector Administracións Públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas, que liquiden o exercicio inmediato anterior con aforro neto positivo, calculado na forma que establece o artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, cando o volume total do capital vivo non exceda do 75 por cento dos ingresos correntes liquidados ou percibidos segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxeición, se é o caso, ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e á Normativa de Estabilidade Presupostaria.*

As Entidades Locais que teñan un volume de endebedamento que, excedendo ao citado no parágrafo anterior, non supere ao establecido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán concertar operacións de endebedamento logo de autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais. As entidades que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.

Para os efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.

As Entidades Locais poñerán a disposición das entidades financeiras que participen nos seus procedementos para a concertación de operacións de crédito, o informe da Intervención local regulado no apartado 2 do artigo 52 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no que se incluírán os cálculos que acrediten o cumprimento dos límites citados nos parágrafos anteriores e calquera outros axustes que afecten á medición da capacidade de pagamento, así como o cumprimento, nos casos que resulte de aplicación, da autorización preceptiva regulada no artigo 53.5 da citada norma e no artigo 20 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, podendo as entidades financeiras, se é o caso, modificar ou retirar as súas ofertas, unha vez coñecido o contido do informe. “



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

En base ao anteriormente exposto, e en canto á concertación da operación obxecto de informe, fanse as seguintes PRECISIÓNS:

PRIMEIRA. En canto aos requisitos e límites para a concertación desta Operación, faise constar:

a) En canto ao primeiro dos requisitos, o Orzamento para o exercicio 2024 foi aprobado inicialmente na sesión plenaria de data 2 de abril de 2024, estando pendente a súa aprobación definitiva. De acordo co exposto a formalización do préstamos debería quedar condicionada á entrada en vigor do orzamento do 2024.

O préstamo incluído no Orzamento municipal para o exercicio 2024 ascende o importe de 1.579.231,71€ polo que a competencia para concertar a operación corresponde á Alcaldía, ou a Xunta de goberno local por delegación desta.

- Que a última Liquidación do Orzamento Xeral do Concello corresponde ao exercicio 2023, da que se deduce un aforro Neto Positivo conforme Certificado de Intervención.

En virtude deste aforro neto positivo se deriva que a capacidade económica da Entidade Local resulta suficiente para asumir o novo compromiso de pagamento que supón a formalización dunha nova operación tal como a proxectada que se analiza neste informe.

SEGUNDA. Con relación á competencia para a contratación desta Operación de Crédito, tendo en conta que a operación está prevista no Orzamento municipal pendente da súa aprobación definitiva e entrada en vigor, e que o seu importe acumulado, dentro de cada exercicio económico non supera o 10 % dos recursos de carácter ordinario previstos no mencionado Orzamento, a competencia para realizar a concertación corresponde á Alcaldía ou a Xunta de goberno local por delegación desta.

TERCEIRA. Dado que do último Orzamento liquidado correspondente ao exercicio 2023 dedúcese un aforro neto positivo e que do volume total de capital vivo das operacións de crédito vixentes a corto e longo prazo non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, non é precisa autorización algunha para a concertación da presente operación.

No expediente xúntanse informes de Intervención con respecto ao cálculo do aforro neto e o volume de endebedamento.

CUARTA. A carga financeira anual comprensiva de amortización e intereses, derivada deste contrato de operación de crédito ten a consideración de gasto plurianual, de conformidade co disposto no artigo 174.2 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net

<https://sede.betanzos.es>

correo@betanzos.net

QUINTA. A Corporación estará obrigada a consignar, en cada un dos orzamentos da súa vixencia, os créditos orzamentarios suficientes para facer fronte ás obrigas derivadas do mencionado contrato. Deberanse ter en conta as consideracións expostas o respecto na “precisión primeira” do presente informe.

SEXTA. O artigo 48. bis do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se desenvolve o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais sinala que todas as operacións de endebedamento das Corporacións Locais están suxeitas ao principio de prudencia de financeira. Neste senso a Resolución de 04 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira define o principio de prudencia financeira aplicable as operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. Neste punto me remito ao informe da Tesourería municipal obrante no expediente.

SÉPTIMA.No apartado sétimo do anexo terceiro da Resolución de 4 de xullo de 2017, se establece que os intereses de demora non poderán superar o tipo de interese da operación mais un recargo do 2% anual.

OITAVA. As ofertas que se presenten deberán acollerse, ademais do exposto nos informes que obran no expediente, ao resto de previsións descritas na Resolución de 4 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira así como as Resolucións da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira que resulten aplicables.

É todo canto temos a ben informar, sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito, en Betanzos, asinado dixitalmente

A interventora, María Iglesias Nuño



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

María Iglesias Nuño, interventora do Concello de Betanzos (Expediente 2024/C006/000006),
INFORMA:

Que segundo se desprende dos antecedentes documentais obrantes nesta Intervención ao meu cargo,
resulta:

PRIMEIRO: Que os ingresos correntes consolidados derivados da Liquidación do Orzamento do
Concello para o exercicio 2023 ascenden a 11.567.286,03 €.

SEGUNDO: O volume de capital vivo a 31/12/2023 ascendeu a 626.964,73 €.

Engadindo a operación de préstamo a concertar en 2024 prevista no expediente do Orzamento
exercicio 2024 o volume de capital vivo se elevaría a 2.206.196,44€

En virtude do exposto se expón o seguinte:

VOLUME ENDEBEDAMENTO	
+ Deuda viva a 31/12/2023 consolidada+Operación proxectada 2024	2.206.196,44 €
Deuda viva total	2.206.196,44 €
DRN (1-5) axustados	11.567.286,03 €
% ENDEBED	19,07%

O volume de endebedamento derivado dos datos resultantes da Liquidación do exercicio 2023
ascendería (cos cálculos da débeda viva a 31/12/2023 e a previsión de débeda a concertar en 2024)
por tanto ao 19,07%.

Betanzos, documento asinado electronicamente

A interventora, María Iglesias Nuño



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Emítase informe con relación ao cálculo do AFORRO NETO no expediente 2024/C006/000006 segundo os datos derivados da Liquidación do exercicio 2023.

Segundo os datos do informe emitido pola Tesourería municipal no que expón o importe da anualidade teórica de amortización (ATA), que ascende a 220.620,24€ (incluíndo a nova operación a concertar no exercicio 2024) procédese a actualizar o cálculo do aforro neto derivado da Liquidación do Orzamento 2023:

PRIMEIRO: O cálculo efectúase segundo o establecido no artigo 53 do TRLRFL que establece se entende por aforro neto das entidades locais a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos do un ao cinco, ambos incluídos, do estado de ingresos e das obrigas recoñecidas por capítulos un, dos e catro do estado de gastos, minorado no importe da anualidade teórica de amortización da operación proxectada e da cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso. Ademais, no aforro neto non se incluírán as obrigas recoñecidas derivadas das modificacións de créditos que foran financiadas con remanente líquido de tesourería.

SEGUNDO: Os dereitos liquidados por operacións correntes dos capítulos I a V, ambos inclusive, do Estado de Ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos I, II e IV do estado de gastos, deducidos da Liquidación do Orzamento do Concello de Betanz para o exercicio 2023, son os que se inclúen no seguinte cadro:

1. DEREITOS CORRENTES AXUSTADOS	11.567.286,03 €
- Dereitos recoñecidos correntes (Cap. 1 a 5)	11.567.286,03 €
- Menos: Contribucións especiais	0 €
Outros ingresos non correntes	0 €
2. OBRIGAS CORRENTES AXUSTADAS	10.144.138,80 €
- Obrigas Recoñecidas Correntes (Cap. 1,2 e 4)	10.268.865,65 €
- Menos: OR financiadas con RLTX	124.726,85 €
3. AHORRO BRUTO (1-2)	1.423.147,23 €
4. ANUALIDADES AMORTIZ.	220.620,24 €
6. AFORRO NETO (3-4)	1.202.526,99 €

O conxunto das anualidades teóricas de amortización para cada un dos préstamos a longo prazo concertados e avalados polo concello pendentes de reembolso nesta data ascendería a 220.620,24€.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

Dos datos anteriores, e de conformidade co previsto no artigo 53.1 do Real Decreto 2/2004, o AFORRO NETO POSITIVO deste concello situaríase en 1.202.526,99€.

Betanzos, documento asinado electronicamente

A interventora, María Iglesias Nuño